

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032571	CRA de Boqueixón-Vedra Neira Vilas	Boqueixón	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	4
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	5
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	7
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	7
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	8
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	8
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	9
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	10
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	10
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	12
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	13
o) Outros apartados	13

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Esta concreción curricular para as dúas etapas do CRA, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe.

Nela, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, coma nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como «un saber facer» que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais

b) A contribución á adquisición das competencias clave

O traballo nas áreas e materias para contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas debe complementarse con diversas medidas organizativas e funcionais:

- A organización e o funcionamento dos 6 centros e a participación do alumnado.
 - As normas de organización e funcionamento do centro.
 - O emprego de determinadas metodoloxías e recursos didácticos.
 - A acción tutorial permanente.
- A planificación das actividades complementarias e extraescolares.

A avaliación das competencias realizarase a través de:

- O desenvolvemento dos contidos da área.
- O recoñecemento da propia competencia básica.
- O nivel de desempeño alcanzado en cada unha das oito competencias:
 - a) O dominio da lingua oral e escrita en múltiples contextos
Expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións; darlle coherencia e cohesión ao discurso; gozar escoitando, dialogando, lendo ou expresándose de forma oral e escrita.
 - b) O emprego espontáneo de razoamentos matemáticos
Coñecer e manexar os elementos matemáticos básicos en situacións reais ou simuladas da vida cotiá, e pór en práctica procesos de razoamento que leven á solución dos problemas, á obtención de información ou á toma de decisións.
 - c) O emprego responsable do medio e dos recursos naturais
Ser consciente da influencia que ten a presenza humana no espazo e das modificacións que introducen, adoptando unha actitude crítica na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como uns hábitos de consumo responsable na vida cotiá.
 - d) A autonomía e eficacia no tratamento crítico da información
Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para organizar e procesar a información, e resolver problemas reais de modo eficiente, mostrando unha actitude crítica e reflexiva.
 - e) A participación social e valoración da democracia
Exercer activa e responsablemente os dereitos e deberes da cidadanía, valorando as diferenzas e recoñecendo a igualdade de dereitos entre diferentes colectivos, en particular, entre homes e mulleres.
 - f) A capacidade de expresarse artisticamente e gozar con iso
Desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para realizar creacións propias; coñecer as distintas manifestacións culturais e artísticas; e interesarse pola conservación do patrimonio.
 - g) O control das propias capacidades de aprendizaxe
Ser consciente do que se sabe e do que cómpre aprender; coñecer as propias potencialidades e carencias, tirando proveito das primeiras e tendo motivación e vontade para superar as segundas.
 - h) A capacidade de elixir e sacar adiante proxectos individuais ou colectivos
Marcarse obxectivos, planificar, manter a motivación, tomar decisións, actuar, autoavaliarse, tirar conclusións, aprender dos erros, valorar as posibilidades de mellora, etc.
Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que permitan aos nenos e nenas avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Así mesmo, dende o centro promoveranse os valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Así como a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Dentro da programación de aula incorporáranse elementos relacionados co desenvolvemento sostible e o medioambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.

No ámbito da educación e da seguridade viaria incorpóranse elementos curriculares e promóvense accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón ou peoa, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Nesta etapa pónese especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

Prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

Os mecanismos de reforzo, que deberán pñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

INFANTIL E PRIMARIA

Os recursos didácticos son todos os obxectos, lugares, persoas, accións ou situacións que nos son útiles para favorecer a aprendizaxe do alumnado e permiten un bo desenvolvemento da tarefa docente do profesorado. Por isto é preciso realizar unha selección e establecer uns criterios de uso que sexan compartidos polo equipo docente.

Para a selección de materiais e recursos didácticos o profesorado, nas reunións, deciden, atendendo a criterios pedagóxicos principalmente, qué materiais e recursos van empregar na súa práctica docente.

Se procura atender aos criterios de cantidade, calidade e simplicidade da información que neles se recolle tendo en conta o destinatario final dos mesmos e as súas idades.

Ademais se presta especial atención aos contidos, as capacidades que promoven, as competencias que se poñen en acción coa lectura e realización das actividades, a posibilidade de seguir investigando gracias á complementación de información ou fontes de referencia que brinda, ademais da atención á diversidade a través dunha ampla batería de actividades.

A modo de conclusión, podemos afirmar que o obxectivo da selección de materiais e recursos curriculares é dar resposta efectiva aos plantexamentos xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico que pretendemos levar á práctica. Entre eles están:

Para os Libros de Texto:

- Encuádranse con coherencia no Proxecto Educativo.
- Cubren os obxectivos do currículo.
- Os obxetivos están claramente explicitados.
- Os contidos se seleccionaron en función dos obxectivos e son axeitados ao nivel de desenvolvemento psicoevolutivo dos alumnos.
- A disposición dos elementos nas páxinas aparece clara e ben diferenciada.
- O aspecto xeral do libro resulta agradable e atractivo para o alumno/a.
- Presenta materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente.
- Presentan actividades de reforzo e de ampliación.
- A progresión é axeitada.
- A cantidade de actividades é suficiente (nin pobre nin excesiva).
- As actividades están ben diferenciadas dos contidos.
- Facilita a memorización comprensiva mediante unha adecuada organización das ideas, destacando as principais sobre as secundarias.
- Contribúen ao desenvolvemento das Competencias Clave.
- Facilita e/ou permite liberdade para traballar diferentes metodoloxías.

Outros materiais e recursos impresos:

- Parten dos coñecementos previos dos alumnos/as.
- Aseguran a realización de aprendizaxes significativas.
- Espertan a motivación cara o estudo e a aprendizaxe.
- Potencian o uso das técnicas de traballo intelectual.
- Permiten a atención á diversidade.
- Recórrese suficientemente á información gráfica mediante esquemas, táboas, gráficos, mapas, debuxos, viñetas, fotografías etc.

Materiais Manipulativos:

- Están adaptados ás Normas de Seguridade Europeas
- Ás reproducións axustanse a modelos reais
- Integran aspectos lúdicos e educativos

Materiais Audiovisuais e Tecnolóxicos:

- As informacións son exactas, actuais e cientificamente rigorosas.
- A información e as explicacións dos conceptos exprésanse con claridade.
- A linguaxe e a imaxe están adaptadas aos niveis.
- As imaxes aportan aclaracións ou ampliacións aos aprendizaxes.

Ademais do anteriormente exposto, á hora de elixir os materiais dirixidos ao alumnado tamén deben terse en conta estes criterios:

- Que non sexan discriminatorios.
- Que permitan un uso comunitario dos mesmos.
- Que non degraden o medio ambiente.
- Empregar materiais de baixo coste para crear hábitos de aforro.
- Que sexan apropiados aos alumnos que van dirixidos.
- Resistente e duradero.
- Atractivos e atraíntes.
- Favorecedores do desenvolvemento das capacidades das distintas áreas.

É importante diferenciar os que son de uso do profesorado e os que o son do alumnado. Os primeiros deben servir para orientar o proceso de planificación da ensinanza.

LIBROS DE TEXTO

Los niveles seguirán las siguientes líneas editoriales:

- Primaria: Editorial Santillana
- Inglés en Primaria: Editorial Macmillan Heineman
- Relixión: Anaya

OUTROS MATERIAIS

Tendo en conta os criterios xerais para todo o Centro en canto á selección de materiais, destácase:

Recursos impresos:

- a) Libros de texto.
- b) Materiais curriculares como desenvolvemento do noso Proxecto Educativo.
- c) Libros de Biblioteca de Aula e de Centro.
- d) Prensa diaria e prensa especializada.

Recursos materiais:

- a) Material das distintas áreas: específico de Educación Física (aros, balóns, bancos suecos, conos, colchonetas, etc.), específico de Inglés (flashcards, word cards, CDs, DVDs, títeres, carteis, etc.), de Música (instrumentos musicais, reproductor de CDs, diversos CDs, etc).
- b) Material de Psicomotricidade.
- c) Xogos de Linguaxe, comprensión e lóxica-matemática.
- d) Outros xogos e materiais manipulativos: franelogramas, puzzles, poliedros, regletas, fichas xeométricas, parchís, dominós, xogos de moedas, reloxos de xoguete, etc.)
- e) Material funxible: cartolinas, cores, rotuladores, pinturas, xiz de cores, papel continuo, etc.

Recursos informáticos:

- a) Ordenadores de sobremesa, portátiles
- b) Todos os que nos poda ofrecer Internet (vídeos, audios, xogos interactivos, etc.)
- c) Presentacións de PowerPoint
- d) CD-ROMs
- e) Pizarras e paneis dixitais
- f) Tablets

Recursos espaciais:

Todas as dependencias das escolas, ademais daqueles outros espazos exteriores, allenos ao centro, nas actividades complementarias e extraescolares.

Recursos humanos:

O profesorado do centro, o alumnado, as familias, representantes do Concello, así coma outros axentes externos ao centro (doutras institucións públicas ou privadas).

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

INFANTIL E PRIMARIA

O noso centro é Plurininfantil ademáis de ter sección bilingüe en Primaria e oferta a elección da materia de Relixión ou Proxecto Competencial

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Establecemos unha serie de criterios para a selección e elección destas actividades desenvolvéndoos e establecendo a súa contribución cas Competencias:

1. Dar relevancia ás saídas pola contorna xa que estas permiten ao alumnado investigar e descubrir a realidade tal como é, ao mesmo tempo que proporcionan os escenarios nos que exercitar os esquemas de actuación xa acadados.

Competencias que desenvolve: Todas

2. Coherencia da saída ou actividade co desenvolvemento curricular. A coherencia entre o deseño das actividades complementarias e a programación didáctica é fundamental para poder garantir a funcionalidade e a efectividade nas aprendizaxes que realice o alumnado. Sempre procuramos que cumpran uns requisitos como:

- A motivación.
- A adecuación cos obxectivos e contidos programados para a secuencia didáctica traballada.
- O grao de conexión co obxecto de estudo.
- Favorecer a integración de contidos.
- Potenciar o traballo cooperativo.

Competencias que desenvolve: O grao de coherencia vains permitir desenvolver todas as competencias en función das áreas e da tarefa programada.

3. Recuperar cas actividades do centro algunhas tradicións da zona. Coñecer o noso entorno máis próximo, a cultura e as tradicións é un obxectivo que alcanzamos na medida que interpretamos, analizamos e representamos os nosos propios costumes e a nosa historia. Cremos necesario o coñecemento do noso pasado para entender o noso presente e construír o futuro.

Competencias que desenvolve: Todas.

4. Programar actividades que propicien a cooperación entre escolas. O intercambio de experiencias, de información, e o traballo conxunto a través de medidas organizativas que favorezcan as relacións, permiten o desenvolvemento de actividades que fomentan a aprendizaxe cooperativa e o desenvolvemento de dinámicas grupais variadas.

Competencias que desenvolve: O grao de coherencia vains permitir desenvolver todas as competencias en función das áreas e da tarefa programada.

5. Estar abertos á programación de propostas externas que poñan a énfase nos desenvolvementos curriculares. Cada curso escolar aumentan as propostas de actividades organizadas por organismos e institucións públicas ou privadas. A oferta é excesiva polo que o equipo docente deberá ter en conta a relación das actividades propostas cas programacións didácticas e a funcionalidade en relación cas aprendizaxes que estén desenvolvendo o alumnado así como o grao de contribución ao desenvolvemento das Competencias.

6. Propiciar as convivencias escolares. O obxectivo fundamental neste tipo de actividades é favorecer as relacións de convivencia tanto entre o grupo de alumnos e alumnas como con outras persoas en entornos diferentes ao seu. Ademáis favorecen a realización de actividades que desenvolvan novos coñecementos integrando os contidos que traballamos habitualmente nas escolas do Cra desde enfoques prácticos e innovadores.

Competencias que desenvolve: Todas en función das áreas e da tarefa programada.

Avaliación

A sistematización da avaliación das actividades complementarias establécese a partir dos seguintes indicadores:

1. Planificación da actividade:

- Grao de adecuación da actividade aos obxectivos propostos.
- Grao de adquisición das competencias básicas.
- Grao de adecuación da actividade aos intereses dos alumnos e alumnas.
- Grao de adecuación da duración da actividade.
- Grao de adecuación do lugar de realización da actividade.

2. Desenvolvemento da actividade:

- Grao de organización da actividade.
- Grao de cumprimento dos horarios.
- Grao de implicación do alumnado nas tarefas propostas.
- Grao de adecuación do presuposto da actividade.

- Valoración da actividade.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Non procede na nosa etapa

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Seguindo a orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, os criterios para organizar un plan específico de reforzo para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso son os que seguen:

- Alumnado que non acade a promoción no segundo curso de Educación Primaria e por conseguinte deba permanecer un ano máis no mesmo curso.

- A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.

- O equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

- Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:

o Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

o O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

o En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Seguindo a ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, a Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa EP e a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación :A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con AC serán os incluídos nesta, sen que isto poida impedirle a promoción ao ciclo seguinte. Se valorará o grao de adquisición das competencias e logro dos obxectivos da etapa e dos criterios de avaliación así coma dos estándares de aprendizaxe.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida e que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta as situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende dende unha formulación integradora. Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, no seu caso, os estándares de aprendizaxe das áreas relacionados cunha mesma competencia, conformando o seu perfil.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para conti-nuar o proceso educativo. Con especial seguemento da situación do alumnado con NEE, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

Co fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, o centro adoptará as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.

Ao finalizar o 2º curso de EP, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de maneira colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

A promoción de 1ª a 2ª de EP será automática.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con calificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non teña acadados no curso anterior.

O alumno ou a alumna accederá ao ciclo seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos do ciclo, e que acadou o grao de adquisición das competencias correspondentes.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso (2º EP). Esta permanencia se considerará unha medida de carácter excepcional e se tomará se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, axeitadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna /o, o equipo docente considera que a permanencia dun ano máis no mesmo curso é a medida máis axeitada para favorecer o seu desenvolvemento. Neste caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo, para que , durante ese curso a alumna/o poida acadar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Esta decisión só poderá adoptarse unha vez na etapa, oídas as nais, pais ou persoas que exerzan a tutoría legal, e terán en todo caso, carácter excepcional.

Ao finalizar o 1º ciclo de Ep o titor/a emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno/a, indicando, no seu caso, as medidas de reforzo que se deben contemplar no seguinte.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Non procede

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

INFANTIL

O centro desenvolverá o currículo do segundo ciclo das ensinanzas de educación infantil mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas seguindo as decisións e criterios xerais establecidas na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

As programacións didácticas das áreas do segundo ciclo das ensinanzas de educación infantil incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos da área e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.
- d) Metodoloxía:
 - Concrecións metodolóxicas.
 - Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación.
 - Procedemento para a avaliación inicial.
 - Criterios de valoración do desenvolvemento e das aprendizaxes do alumnado.
- f) Medidas de atención á diversidade.
- g) Transversal.
 - Concreción dos elementos transversais.
 - Actividades complementarias.
- h) Práctica docente.
 - Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
 - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

3. O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

4. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento das programacións didácticas.

Avaliación

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas da etapa nas avaliacións continua e final das áreas serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia..

2. A avaliación será global, continua e formativa. A valoración do proceso de aprendizaxe farase de xeito cualitativo tendo en conta os progresos efectuados polas nenas e polos nenos.

3. A avaliación nesta etapa estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e as características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada ciclo en cada unha das áreas.

4. Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado. Nese sentido, a observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso de avaliación, sen prexuízo do posible emprego, xunto a esta técnica principal, doutras técnicas cun carácter accesorio como a análise das producións das nenas e dos nenos, e as entrevistas coas familias ou coas persoas titoras legais.

5. O proceso de avaliación deberá contribuír a mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe mediante a valoración da pertinencia das estratexias metodolóxicas e dos recursos utilizados. Con esta finalidade, todas as persoas profesionais implicadas avaliarán a súa propia práctica educativa, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

6. O equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, levará a cabo a avaliación final do alumnado de forma colexiada nunha única sesión, que terá lugar ao finalizar o curso escolar.

PRIMARIA

O centro docente desenvolverá o currículo das ensinanzas de educación primaria mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas ou ámbitos seguindo as decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

As programacións didácticas das áreas ou ámbitos das ensinanzas de educación primaria incluirán, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.
- d) Metodoloxía.
 - Concrecións metodolóxicas.
 - Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación.
 - Procedemento para a avaliación inicial.
 - Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación.
- f) Medidas de atención á diversidade.
- g) Transversal.
 - Concreción dos elementos transversais.
 - Actividades complementarias.
- h) Práctica docente.
 - Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
 - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

3. O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

4. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento das programacións didácticas.

Avaliación

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia..

Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

2. A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

3. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

4. Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

5. A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

6. Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará, de forma colexiada, o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

Promoción

1. Ao finalizar o segundo curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

2. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais, e terá, en todo caso, carácter excepcional.
4. Ao finalizar o segundo curso do primeiro ciclo, o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias clave de cada alumna ou alumno, no cal indique, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.
5. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as características dos informes finais de ciclo a que se refire o número 4 anterior.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Segundo o DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. No exercicio da súa autonomía, os centros poderán adoptar experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia ou ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de áreas, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación e dentro das posibilidades que permita a normativa aplicable, incluída a laboral, sen que, en ningún caso, supoña discriminación de ningún tipo, nin leve consigo a imposición de achegas ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais, nin de esixencias para as administracións educativas. E segundo tamén o DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio da súa autonomía, os centros docentes poderán adoptar experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia ou ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de áreas ou ámbitos, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación e dentro das posibilidades que permita a normativa aplicable, incluída a laboral, sen que, en ningún caso, supoña discriminación de ningún tipo, nin comporte a imposición de achegas ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais, nin de esixencias para as administracións educativas.

Os diferentes plans educativos relevantes e estratéxicos para nós e o noso alumnado, estarán entroncados cos compromisos asumidos polo distintos sistemas a nivel europeo no Marco para a cooperación europea en educación e formación, e coas necesidades propias dun sistema destinado a proporcionar ao alumnado as competencias cruciais para as cidadás e os cidadáns do século XXI.

A través das Bibliotecas escolares, participaremos no PLAMBE xa que como indica o Decreto:

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura coa finalidade de promover unha primeira aproximación á lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento da aproximación á lectura e á escritura, e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

2. Os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promovela como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe.

Así mesmo, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

Educación dixital: Como indican os Decretos:

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan dixital de centro, que se concibe como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.

2. A consellería con competencias en materia de educación e os equipos directivos dos centros docentes promoverán o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións

educativas e outros axentes para o seu uso compartido, sen prexuízo das competencias que no ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación poidan corresponder a outras entidades integrantes do sector público autonómico.

Promoción de estilos de vida saudables: Segndo se indica nos Decretos:

Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma, por parte das alumnas e dos alumnos, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.

Este será o noso eixo de funcionamento e criterio de selección para os nosos Plans e Proxectos de Traballo pois entendemos que debemos formar parte dun todo e todo debe formar parte de nós para poder obter o maior enriquecemento posible.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Esta concreción curricular será avaliada nas reunións de avaliación trimestrais das escolas para poder así detectar erros, anomalías, ver a súa correcta utilidade e as melloras que se teñan que levar a cabo.

Todas as conclusións que se obteñan ao final de curso reflectiranse na memoria final do centro que constará cun apartado específico para esta revisión.

o) Outros apartados

1. PLAN DE IGUALDADE, CONVIVENCIA E BENESTAR EMOCIONAL

Adxunto enlace á páxina web do centro no que se pode ver o noso Plan modificado tal como se pediu a principio de curso.<http://www.edu.xunta.gal/centros/craboqueixonvedra/>